



SOCIEDADE ANTROPOLÓXICA GALEGA (SAGA)

A Sociedade Antropolóxica Galega (SAGA) constitúese como unha asociación cultural sen ánimo de lucro cuxos obxectivos son a investigación e a divulgación da etnografía, da prehistoria e da historia de Galicia, da súa cultura tradicional —tanto material como inmaterial— e de tódolos aspectos enmarcados dentro do campo da antropoloxía social e cultural, así como a promoción de todas aquelas actividades, publicacións, traballos e accións que vaian en beneficio da conservación, divulgación e investigación do noso acervo cultural galego.

Para levar a cabo todo este labor, a sociedade conta coa colaboración dun amplo número de profesionais das distintas áreas que abrangue o proxecto. Ó abeiro da SAGA reúnense antropólogos, etnógrafos, arqueólogos, historiadores, filólogos, artistas plásticos, restauradores de arte, técnicos en audiovisual, músicos e moitos outros colaboradores comprometidos coa aventura cultural e social que agora emprendemos.

Entre os proxectos que ten en marcha a Sociedade Antropolóxica Galega cabe salientar:

- A publicación cuatrimestral do seu boletín informativo **Caderno de Campo** (ISSN: 2254-3406).
- A edición do anuario **Fol de Veleno. Revista de Antropoloxía e Historia de Galiza**. (ISSN: 2253-837)
- A realización de documentais e doutros traballos audiovisuais no eido da divulgación do patrimonio material e inmaterial da cultura galega. Cítense: **Comuneiros. Cen anos de vida e loita polo monte de Salcedo** (2011), **Sete Camiños, encrucillada do tempo** (2011), **Metocas** (2012), **A Segra** (2012). Actualmente atópase en fase de filmación dos documentais **Sementeira do Centeo e Campaneiros. Os valedores dos sinos**.
- A organización de presentacións, xornadas e conferencias sobre os temas obxecto do noso labor. Como exemplo as **“Xornadas sobre o Entroido en Galiza”**, celebradas en Pontevedra en febreiro de 2013 ou as **-Charlas sobre a Pedra Alta de Castrelo do Val**, celebradas en Castrelo do Val en, abril, 2012.
- A posta en marcha de proxectos de investigación antropolóxicas sobre diferentes aspectos do campo das crenzas, da relixiosidade e do mundo simbólico galego.
- A realización de programas de posta en valor do patrimonio material e inmaterial. Nestes momentos colabora activamente —como parte da súa comisión técnica— na posta en marcha e divulgación do proxecto para a creación do **Espazo Natural e Arqueolóxico dos Sete Camiños**.

ORGANIGRAMA DA ASOCIACIÓN:

Rafael Quintía Pereira (Presidente)

Miguel Losada (Secretario)

Xoán Xosé Pérez Vieitez (Tesoureiro)

Máis información:

Web: <http://www.antropoloxiagalega.org>

Blog: <http://sociedadeantropoloxicagalega.wordpress.com>

E-mail: infosaga@antropoloxiagalega.org

